

University Educators for Sustainable Development (UE4SD)

Nota de Prensa: Conferencia de peche do proxecto UE4SD e presentación da plataforma de recursos online para os educadores universitarios

29 de xuño de 2016, Universidad de Gibraltar

A conferencia internacional titulada “As universidades como modelos de cambio: a educación para a sustentabilidade ilumina camiños para un mundo novo” desenvolveuse os pasados 27 e 28 de xuño de 2016 na Universidad de Gibraltar. Esta conferencia é unha contribución ao Programa de Acción Global (GAP) en Educación para a Desenvolvemento Sustentable (EDS) da UNESCO e para os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable nos que se establece a necesidade de apoiar os educadores universitarios para reorientar o ensino e a aprendizaxe para o desenvolvemento sustentable. Tamén se celebrou a reunión final do proxecto *University Educators for Sustainable Development* (UE4SD) financiado pola Comisión Europea, que identificou e documentou unha serie de prácticas destacadas sobre desenvolvemento profesional en EDS en Europa, que inspiran ás universidades interesadas en repensar o propósito da educación e converterse en modelos de cambio social. A conferencia atraeu a máis de 100 asistentes de todo o mundo, que discutiron sobre marcos internacionais en EDS; o rol das universidades e, de forma específica dos seus educadores, nos procesos de EDS; e, a un nivel máis práctico, das futuras oportunidades de contacto e cooperación entre eles. Propostas de medidas de desenvolvemento profesional, oportunidades de cambio e vías para a calidade e a colaboración foron as temáticas tratadas nas tres sesións paralelas da conferencia.

Na conferencia en Gibraltar, presentouse unha extraordinaria ferramenta web creada no marco do proxecto UE4SD: a plataforma online para o desenvolvemento profesional en educación para o desenvolvemento sustentable (EDS). O Dr. Alexander Leicht, xefe da sección de “Educación para o Desenvolvemento Sustentable e Cidadanía Global” de UNESCO-Paris, foi o encargado de presentar a plataforma. Trátase dun recurso de desenvolvemento profesional para axudar aos implicados en procesos de educación e aprendizaxe no desenvolvemento das competencias transformadoras, de visión futuro e de consciencia global que o século XXI. Axuda así a achegar estas abordaxes á práctica educadora, facilitando a adquisición destas competencias polos estudantes.

Esta plataforma online reúne as boas prácticas identificadas en toda Europa así como novas actividades desenvolvidas durante o proxecto. É unha primeira selección de materiais dedicados á aprendizaxe profesional e ao desenvolvemento de capacidades dos educadores en EDS.

A plataforma contén:

- 26 exemplos de boas prácticas en iniciativas de desenvolvemento profesional en EDS dos educadores universitarios
- O marco, deseño e ferramentas usadas na sesión presencial da UE4SD Academia.
- Novas ideas, guías e materiais sobre EDS que se reuniron ao longo do desenvolvemento do proxecto UE4SD.
- Unha revisión sobre as políticas de EDS en Europa, ademais de publicacións e lecturas de interese.

- Vídeos dos participantes do proxecto UE4SD compartindo as súas experiencias de desenvolvemento profesional en EDS do profesorado universitario.

A plataforma é unha das novas ferramentas e exemplos adaptables, produtos do proxecto UE4SD que poden conformar futuras innovacións na práctica e cambiar a comprensión da EDS e a súa relación co desenvolvemento profesional dos educadores universitarios. Aqueles interesados nesta prioridade educativa poden basearse neste recurso e cooperar no marco da rede de institucións de educación superior Copernicus Alliance.

Pódese atopar toda a información sobre a conferencia na seguinte ligazón: <http://www.ue4sd.eu/gibraltar>.

O desenvolvemento da plataforma como produto do proxecto UE4SD foi financiado pola Comisión Europea por medio do Programa Lifelong Learning. A plataforma está dispoñible na seguinte ligazón: www.platform.ue4sd.eu

Para máis información sobre a Leading Practice Publication, contactar con Work Package Lead Dra. Alex Ryan da Universidade de Gloucestershire: aryan@glos.ac.uk

Pode obter máis información sobre o proxecto UE4SD contactando con Project Lead Prof. Daniella Tilbury na University of Xibraltar, daniella.tilbury@unigib.edu.gi, ou con Project Coordinator na University of Gloucestershire ue4sd@glos.ac.uk e na páxina web do proxecto: <http://www.ue4sd.eu>.